



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Travesa dos Basquiños 9, baixo

15.704 Santiago de Compostela

Tfno e fax: 981-570099

Correo: adega@adega.info

Páxina electrónica: www.adega.info

ADEGA E O CEIDA COMEZAN UNHA CAMPAÑA DIVULGATIVA SOBRE O LOBO EN GALIZA

Para dar a coñecer a problemática deste cánido, xoia da biodiversidade galega

Compostela, 4 de decembro de 2007. ADEGA e o CEIDA (Centro de Extensión Universitaria e Información Ambiental de Galiza) inician unha campaña divulgativa para dar a coñecer a realidade ambiental e social do lobo en Galiza. Nestes momentos nos que está pendente de aprobación por parte da Consellería de Medio Ambiente o PLAN DE XESTION DO LOBO EN GALIZA, que podería consolidar o estatus cinexético desta especie, queremos chamar a atención da sociedade sobre a necesidade de garantir a conservación desta xoia do noso patrimonio natural.

Para comezar a campaña de divulgación, ADEGA e o CEIDA van distribuir un folleto informativo no que se aborda a realidade deste cánido no país, co obxectivo de que a poboación das áreas lobeiras, asociacións de produtores/as e público en xeral se decate da importancia de conservar o lobo. Trátase tamén de expoñer as distintas opinións e actitudes que suscita esta especie, non só dende o punto de vista científico senón tamén a nivel social. Alén disto, chamamos a atención sobre a “mala prensa” que esta especie ten nos medios de comunicación, nos que case sempre aparece vencellada aos ataques e ás perdas na cabana gandeira, en troques de dar a coñecer a súa preocupante situación e promover actitudes de respecto e conservación.

ADEGA e o CEIDA coidamos que non se pode dedender o que non se coñece, polo que coa distribución deste folleto informativo pretendemos achegar a realidade desta xoia do noso patrimonio natural á sociedade, fomentando actitudes positivas e reflexionando sobre a necesidade de artellar cantas medidas sexan precisas para cambiar a tradicional e inxustificada imaxe de “alimaña” que aínda ten o lobo.